



**Ana María Cacharrón Castelos, secretaria xeral do Concello de Bergondo (A Coruña)**

**CERTIFICO:** Que, con data xoves 31 de xullo de 2025, o Pleno do Concello de Bergondo, en sesión Ordinaria, adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe literalmente:

**«12. INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DA TITULARIDADE DO CAMIÑO INCLUÍDO NO INVENTARIO DE BENS BAIXO O EPÍGRAFE 1.4 VÍAS PÚBLICAS RÚSTICAS, REFERENCIA OU-8, NÚM. DE INVENTARIO 1.4.000026**

**EXP: 2025/X998/000027**

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza de 28 de xullo de 2025, que transcrita literalmente di:

«Logo de ver, en relación co camiño recollido no inventario de bens co núm. 1.4.000026, o informe notarial emitido polo Notario D. José Manuel Lois Ponte, en relación ás fincas rexistradas propiedade da asociación Larlilás, promotora do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións na Costa de Ouces, presentado mediante escrito con núm. de rexistro de entrada 202599900001800 do 10 de xuño de 2025.

Logo de ver o informe emitido polo arquitecto municipal con data 21 de xullo de 2025.

Logo de ver o informe emitido pola secretaría municipal con data 22 de xullo de 2025, no que entre outros, propón a incoación dun expediente de investigación da titularidade do camiño incluído no Inventario de Bens, baixo o epígrafe 1.4 Vías Públicas Rústicas, referencia OU-8, núm. de inventario: 1.4.000026, sen referencia catastral actual.

Pola presente, proponse ao Pleno municipal, previo ditame da comisión informativa, a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.** Incoar expediente de investigación da titularidade do camiño incluído no Inventario de Bens, baixo o epígrafe 1.4 Vías Públicas Rústicas, referencia OU-8, núm. de inventario: 1.4.000026, sen referencia catastral actual, e solicitar dos Rexistros que procedan cantos antecedentes e datos consten relativos ao ben investigado, incorporándose ao expediente as certificacións que se expidan a este efecto.

**Segundo.** Publicar o acordo de iniciación no *Boletín Oficial da Provincia*, con indicación de que ademais estará a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello <https://sede.bergondo.gal/sxc/gl/informacion/>.

Así mesmo expor no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Bergondo un exemplar do devandito boletín durante un prazo de quince días.

**Terceiro.** Dar traslado do acordo de iniciación á Administración Xeral do Estado e á da Comunidade Autónoma para que, no seu caso, poidan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

**Cuarto.** Notificar aos afectados polo expediente de investigación que resulten coñecidos e identificables.



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

**Quinto.** Abrir trámite de información pública por prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao que deba darse por terminada a publicación dos anuncios no taboleiro da Corporación, para que as persoas afectadas polo expediente de investigación poidan alegar por escrito canto estimen conveniente ao seu dereito ante a Corporación, acompañando todos os documentos en que funden as súas alegacións.

**Sexto.** Finalizado o prazo para presentar alegacións, abrir un período de proba por prazo de 10 días no que serán admisibles os seguintes elementos:

- Os documentos públicos xudiciais, notariais ou administrativos outorgados con arranxo a Dereito.
- O recoñecemento e ditame pericial.
- A declaración de testemuñas.

**Sétimo.** Practicadas as probas e valoradas polos Servizos da Corporación, pór de manifesto o expediente ás persoas a quen afecte a investigación e houberen comparecido nel, para que, durante un prazo de 10 días, aleguen o que crean conveniente ao seu dereito.

En Bergondo asinado dixitalmente o 22 de xullo de 2025.

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez»

...//...

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal socialista: catro (4) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: tres (3) votos a favor; grupo municipal do BNG: un (1) voto a favor. Total once (11) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por unanimidade de votos a favor, o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.»

E para que conste, expido a presente certificación, coa salvidade do artigo 206 do R.d. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por orde e co visto e praxe da alcaldesa.

Bergondo, o venres 1 de agosto de 2025

A secretaria  
Ana María Cacharrón Castelos

Vº. Prace. A alcaldesa  
Alejandra Pérez Máquez